



PROTOCOLO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

(Este protocolo sustitúe ao Título VII do Plan de Convivencia e NOF e figurará como anexo en ambos os documentos)

1. Actividades extraescolares e complementarias. Descrición das actividades.

Poderán ser organizadas polos departamentos ou polos responsables dun proxecto, debendo figurar, na medida do posible na Programación Xeral do Centro e serán coordinadas pola Vicedirección.

Así as actividades clasifícanse en:

- Actividades internas, desenvolvidas no centro.
- Actividades externas que requiren un desprazamento
 - Na propia cidade ou contorno
 - Viaxes:
 - Un día, non implican pernoctación fóra.
 - Excursións fora da localidade de varios días: Dentro deste apartado inclúense as viaxes de estudos, os intercambios e os proxectos europeos.

1.1 Intercambios

1.1.1. O contido das actividades dun intercambio deben ser eminentemente educativas. Inclúen a convivencia nunha familia do país da lingua que se estuda, asistencia ás clases no centro estranxeiro, inmersión lingüística total na cultura dese país e visita aos lugares máis significativos.

No caso dos intercambios hai que ter en conta que son dous os centros implicados, cada un coas súas normas, polo que o noso alumnado deberá respectar tamén esas normas e viceversa. Haberá un “convenio bilateral” entre as escolas colaboradores no que se especifiquen ditas normas. Cada centro resérvase o dereito de non aceptar/acoller aos alumnos/as que incumpran algunha das normas establecidas nese convenio.

A participación nun intercambio implica ser acollido e tamén acoller, polo que participará o alumando que estea disposto a acoller na súa casa a un/unha alumno/a estranxeiro/a. En casos excepcionais e debidamente xustificados (problemas de saúde, problemas familiares, etc.) pode darse o caso de que algún alumno/a non poida acoller pero si ser acollido. Dependendo do caso, e coa colaboración do centro asociado, poderase chegar a un acordo.

1.1.2. A duración dos intercambios oscilará entre unha semana e 10 días, e ten que coincidir cun período de actividade lectiva.

1.1.3. Esta actividade poderase ofertar ao alumnado de distintos niveis, aínda que se aconsella a participación de niveis superiores para que o alumnado poida comunicarse efizacmente na lingua de estudo.



1.2. Proxectos europeos

Hai diferentes tipos de proxectos europeos polo que é difícil unificar os criterios.

- 1.2.1 Dado que os proxectos europeos se desenvolven nun idioma o alumnado participante debe ter un bo control do idioma en cuestión.
- 1.2.2. No caso de participaren os nosos/as alumnos/as, hai que ter en conta que estes/as aloxaranse en casas de familias, polo que terán preferencia o alumando que estea disposto a acoller aquí.
- 1.2.3. O profesorado participante deberá ser coñecedor da lingua na que se desenvolve o proxecto, da lingua do país que se visita ou, polo menos, ter un nivel medio-alto de inglés.
- 1.2.4. Nalgúns programas se só se puidese facer unha solicitude por idioma (EduExchange, por exemplo), as peticións alternarán cada ano.
- 1.2.5. Con todo, os proxectos europeos tipo ERASMUS + son proxectos de centro, polo que se trata de implicar o maior número de membros da comunidade escolar, respectando as directrices da Unión Europea; está aberto a todo o profesorado interesado en colaborar.

1.3. Viaxes de estudos

- 1.3.1 As viaxes de estudos ofértanse para un nivel en concreto e deberán ter fundamentalmente carácter cultural e formativo. Non deberán superar os 5 días lectivos aínda que se poidan añadir días non lectivos.
- 1.3.2. As viaxes de estudos organizaranse por un departamento en concreto ou varios en colaboración con Vicedirección.

2. Requisitos para a organización e realización

- 2.1. As actividades presentaranse ao inicio do curso ben documentadas (programa, custos, obxectivos, contidos, avaliación...) para a súa aprobación polo Consello Escolar.
- 2.2. A Vicedirección entregará unha ficha que debe ser cuberta polo coordinador/a da actividade (xefe/a do departamento, ANPA). Cada departamento encargarse da realización das súas actividades en colaboración con Vicedirección das actividades organizadas polo centro.
- 2.3. As actividades extraescolares que supoñan unha pernoctación fóra deberán facerse co permiso da Vicedirección, previa presentación dun proxecto pedagóxico onde consten as actividades, programa, obxectivos e normas de organización e funcionamento.
- 2.4. En todos os casos deberase ter o permiso correspondente asinado polos pais/nais ou tutores/as legais ou polos propios alumnos/as se son maiores de idade.
- 2.5. A Vicedirección comunicará ao profesorado calquera actividade extraescolar ou complementaria que se realice, sempre que sexa posible, con suficiente antelación no taboleiro da Sala de Profesores/as, no espazo reservado para as comunicacións da Vicedirección e/ou por correo electrónico.

3. Datas

3.1. As actividades organizaranse para todo o alumnado do grupo procurando evitar trastornos no normal desenvolvemento das clases. Pola mesma razón, organizaranse nas datas reservadas para esas actividades (semana anterior ou posterior a Semana Santa, Nadal ou Entroido). Hai que respectar as datas que veñan impostas por outros organismos (actividades do Concello, proxectos europeos, asociacións colaboradoras...).

3.2. Todas as datas deben ser aprobadas polo Consello Escolar.

3.3. Evitarase, na medida do posible, que as actividades se realicen en datas próximas as avaliacións ou datas con moitos exames, así como ao final do curso escolar. A data límite para a realización destas actividades no noso centro é o 17 de maio aínda que si poderán realizarse a finais de xuño, os últimos días lectivos.

4. Organización

4.1. Para o bo funcionamento, organización e necesario control das actividades, esixirase a presenza ou asistencia dun/dunha profesor/a por cada 20 alumnos/as. Esta proporción podería ser modificada dependendo do tipo e risco da actividade (p. ex. viaxes internacionais) e no caso dos menores de idade. En ambos os casos, nunca participará na actividade un só profesor/a.

4.2. As viaxes serán contratadas nunha axencia de viaxes con seguro incluído. Ademais esixirase a contratación dun seguro de responsabilidade civil, especialmente no caso de viaxes ao estranxeiro.

5. Profesorado acompañante

5.1. É fundamental que o/a profesor/a que participa na actividade coñeza o alumnado polo que os profesores/as que organizan unha actividade deben ser os mesmos que acompañen aos alumnos/as, ou alomenos, deben pertencer ao mesmo departamento. Nalgúns casos, se as circunstancias obrigan, poderán acompañar profesores doutros departamentos, procurando sempre evitar trastornos no decorrer das clases.

5.2. No caso de viaxes ao estranxeiro é recomendable que o profesorado acompañante domine a lingua do país que se visita, ou teña un bo nivel de inglés. Da mesma forma, é bo que algún profesor/a dos acompañantes teña experiencia neste tipo de viaxes.

6. Custos

- 6.1. Cada departamento fará un orzamento o máis detallado posible dos custos que leva a actividade organizada (desprazamento, aloxamento, manutención, transporte, entradas, etc.) e entregarán un escrito co programa da actividade.
Procurarase reducir ao máximo os gastos para que o custo non supoña un impedimento para que calquera alumno/a poida realizar a actividade.
- 6.2. Xunto cos cartos da reserva, os pais e nais deberán entregar un resguardo asinado de compromiso coa actividade. Este resguardo é vinculante e debe respectar todas as normas que recolle este protocolo, cuxo obxectivo é o bo funcionamento e aproveitamento da actividade.
- 6.3. Debido as renuncias que se dan no último momento sen causas xustificadas en determinadas actividades e o trastorno que supón, cando se requira a contratación de servizos con terceiros que inclúan gastos correspondentes a desprazamento, aloxamiento e/ ou mantenza, é posible que non recuperen os cartos ou parte deles. En calquera caso, nunca se devolverán os cartos da reserva; só os que sexa posible una vez feito o aboamento. Da mesma maneira, no caso de falta inxustificada a unha actividade que conleve custos (entradas, transporte, etc.), o alumno/a deberá aboar o custo completo da mesmo.

7. Participación, selección do alumnado e normas.

- 7.1. As actividades que cada departamento organiza son un apoio didáctico á materia que se imparte; todas as actividades son importantes. Por ese motivo é aconsellable que todo o alumnado poida participar, aínda que a participación sexa voluntaria.
- 7.2. Para acudir as actividades que correspondan a unha materia en concreto, o alumnado deberá estar matriculado en dita materia.
- 7.3. O profesorado ou departamento que organice unha actividade ten o deber de informar a Xefatura de Estudos a relación de alumnos/as inscritos para que dito órgano autorice ou non a participación do alumnado.
- 7.4. A dirección xunto cos titores/as e os/as profesores/as responsables das actividades poderán denegar a participación nelas a aqueles/as alumnos e alumnas que mostren un comportamento negativo, unha actitude displicente cara a vida escolar ou ausencias reiteradas indebidamente inxustificadas. Son todas aquelas actitudes contrarias á convivencia do centro, recollidas no noso Plan de Convivencia.
- 7.4. A selección e exclusión do alumnado, principalmente para actividades que se desenvolvan fóra do centro ou impliquen pernoctación fóra da casa, farase seguindo **os seguintes criterios:**
- a. Exclusión por ter un ou varios partes de incidencia, tendo en conta a gravidade dos feitos que recolla.



- b. Se a falta recollida no parte está tipificada como moi grave no Plan de Convivencia, o/a alumno/a quedará excluído inmediatamente de todas as actividades complementarias e extraescolares.
- c. Se as medidas de corrección exercidas pola dirección implican a suspensión do dereito de asistencia ás clases ou a apertura dun expediente disciplinario, quedará así mesmo excluído/a.
- d. Se o parte recolle faltas leves, o alumno/a terá a posibilidade de reparar esas faltas cos traballo que lle asignen os seus titores ou titoras e a xefa de estudos, sempre e cando o compromiso e resultado sexa axeitado.
- e. Se o/a alumno/a ten dous ou máis partes, aínda que sexan leves (considerase reiteración e polo tanto falta grave) quedará tamén excluído.
- f. Os partes non teñen caducidade, polo que o alumnado pode ser excluído independentemente de ter xa cumprida a sanción correspondente.
- g. Exclusión por ter faltas reiteradas indebida ou dudosamente xustificadas, se perde o dereito á avaliación continúa no caso do alumnado de BAC e a participar noutras actividades celebradas no centro.
- h. Exclusión por desinterese no traballo escolar e na vida do centro.
- i. Para tomar a decisión de excluír a un/unha alumno/a dunha actividade extraescolar ou complementaria escoitarase a opinión dos seus titores/as e os profesores implicados na dita actividade.
- j. No caso de que a actividade teña un carácter vinculado á falta cometida a xefatura de estudos permitirá, nalgúns casos, a participación do alumnado sancionado.
- k. Unha vez iniciada a actividade tanto as normas do P.E.C. como os criterios expostos anteriormente seguirán vixentes no lugar de realización da actividade ou no lugar de destino polo que un alumno/a que os incumpra poderá ser apartado da actividade ou, no seu caso, poderá ser mandado/a ao seu domicilio familiar facéndose cargo os responsables dos gastos que esta circunstancia conleve. Tamén serán de estrito cumprimento as normas que impoñan os responsables ou entidades externas das actividades.
- l. Os pais e nais recibirán un documento no que se recollen estas normas e deberán entregalo asinado no centro a modo de conformidade e compromiso, xunto coa autorización de participar na actividade.

7.5. O alumnado que non participe na actividade ten a obriga de asistir a clase e os seus profesores deben proporcionarlle o traballo que consideren oportuno, sempre e cando a realización deses traballos non vaia en detrimento dos que acoden á actividade.